

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

COMISIÓN PARITARIA DE MAIO

Os aspectos máis destacados da última COPA, son os seguintes:

- ⇒ **Complementos.** As reunións da COPA convertéronse en monográficos de asignación de complementos e amortización de postos, iso si, a moi diferentes velocidades, mentres existen organismos que propoñen complementos indiscriminadamente, outros non propoñen nada, e as centrais sindicais “maioritarias”, coa colaboración de Función Pública decidiron non exercer a función de control que se supón que ten a COPA. Deste xeito cada vez son maiores as diferenzas nas retribucións do persoal laboral, dependendo do Ministerio ou organismo no que teñamos destino, pero realizando as mesmas tarefas.

CONVOCATORIA DE PERSOAL DO GRUPO E0

Desde a CIG seguimos insistindo na necesidade dun Plan específico para a incorporación do persoal deste grupo profesional.

Desde o noso punto de vista, isto non é integración laboral e creemos que existen graves disfuncións e discriminación nas decisións tomadas con respecto a este persoal:

- Reiteramos a pertinencia de implementar a metodoloxía do emprego con apoio para a integración destas persoas, ben con equipos propios ou con convenios co tecido asociativo que atende a este colectivo. É preciso o análise e adaptación dos postos, formación para o persoal, acompañamento e un seguimento permanente.
- Convocado o proceso selectivo da OPE de 2022 con 295 prazas que non pasaron por ningún concurso igual que pasou coas convocatorias dos anos 2020-2021.
- Non é de recibo que nalgúns casos se condicione a solicitude de postos do Grupo E0 para que Función Pública autorice a provisión doutros postos, isto non é integración, é outra cousa.
- Reclamamos a inclusión dos postos E0 no concurso ordinario, non existen motivos para a convocatoria de concursos extraordinarios, isto tamén é discriminatorio, tanto para o persoal deste grupo como para o persoal do Grupo E1 que non pode acceder lexítimamente a estes postos.

GRUPOS DE TRABAJO:

- **Xubilación Parcial.** Solicitamos de novo a convocatoria deste grupo de traballo para negociar un novo acordo ligado á nova normativa nesta materia, pero non temos resposta por parte da Administración. Todo indica que a única vía que nos queda para o exercicio deste dereito é a xudicial.
- **Traslados.** Nesta semana quedará resolta a primeira fase e publicarán a segunda. Para o mes de xuño está previsto o mesmo co concurso do Anexo II.
- **Troco de Réxime Xurídico.** A lentitude é a definición, a este paso morremos, xa non digo que nos xubilamos, antes de ver finalizadas as primeiras convocatorias. Xa non dicimos as 4 por grupo Profesional comprometidas. Catro anos despois do acordo, só tomaron posesión as persoas da primeira convocatoria do grupo 4G.
- **Ofertas de emprego.** O mesmo, o retraso na tramitación das ofertas e na xestión das convocatorias fai que aínda teñamos sen rematar procesos da oferta de 2019, seis anos despois e enchéselles a boca con anuncios moi rimbombantes sobre masivas ofertas de emprego. Sen comentarios. Desde a CIG propuxemos que se simplifiquen os procesos e se xestionen só con fase de oposición.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota